Medios de transporte e comunicación



PIENSA

A mobilidade é parte esencial da condición humana desde que eramos nómades. Nas últimas décadas aumentou significativamente.

Isto tamén incrementou a nosa dependencia do transporte debido ás súas vantaxes (rapidez, custo, dispoñibilidade, etc.) e tamén os problemas que se derivan do seu uso (contaminación, gasto enerxético, etc.).

SABÍAS QUE...

Os medios de transporte poden ser:

- Acuáticos, como: barco, lancha, moto-acuática, piragua, etc.
- Terrestres, como: automóbil, camións, bicicletas, motos, autobuses, tren.
- Aéreos, como: avión, helicóptero, foguetes, globos.
- Tracción animal: carros, trineos, carretas, etc.

O TRANSPORTE E O CAMBIO CLIMÁTICO

Conducir un coche é o acto individual máis contaminante que un cidadán medio pode levar a cabo, para un millonario sería viaxar en jet (avión privado) ou unha viaxe espacial. Ademais, os coches que se moven por combustibles fósiles (gasolina, gasóleo ou gas) son o ben de consumo central dunha economía baseada nas

enerxías fósiles (consultar ficha 13), as principais causantes do cambio climático.

Por iso, nos nosos desprazamentos máis habituais e cotiáns, como pode ser ir á escola ou ao traballo, é conveniente priorizar a mobilidade activa (ir a pé ou en bicicleta) e o transporte público. Ademais, cando realizamos viaxes, tamén é interesante intentar priorizar medios de transporte como o tren, que é menos contaminante que o avión.





Un terzo dos cidadáns da Unión Europea estamos expostos a niveis excesivos de partículas nocivas no aire. Case toda a poboación mundial (99 %) respira un aire que supera os límites de calidade recomendados e pon en perigo a súa saúde2. Ademais, o tráfico masivo en coches privados crea problemas de espazo nas urbes, atoamentos, accidentes, falecementos e novas afeccións, como a síndrome de tensión por tráfico.

Se non temos máis remedio que coller un automóbil, existe unha oferta colaborativa para alugar por horas (popularmente coñecida como carsharing) e para compartir

coches (chamada carpooling) que permite utilizar vehículos sen ter que comprar un. Ambas as fórmulas permiten descargar as cidades de tráfico, aforrar emisións, optimizar os vehículos existentes, son máis baratas que comprar un e favorecen as relacións sociais.

Rebaixa o gasto en combustible e peaxes.

Compartir coche rebaixa o gasto en combustible e peaxes: un condutor que ía viaxar só, aforra un 75 % se leva tres pasaxeiros máis. Actualmente, as xeracións máis novas non teñen problemas en compartir vehículos e prefiren estar conectados (ao móbil, tableta, ordenador, etc.) que conducir.

Dentro do transporte público, o autobús urbano (13,64 puntos) contamina máis que o metro (3,28 puntos) que o fai, en xeral, sete veces menos que o automóbil normal no seu ciclo de vida. A bicicleta é o medio de menor impacto (1,16 puntos), seguida polo tren de proximidade (1,24 puntos)[1] .

RECADRO DE DATOS DE INTERESE

- Para percorridos habituais de entre un e oito quilómetros o máis sostible e recomendable é a bicicleta.
- A metade das viaxes diarias que realizamos adoitan ser inferiores a tres quilómetros, é dicir, 15 minutos en bicicleta.
- Ademais, un 25 % dos desprazamentos en coche que facemos tamén se podería facer a pé.
- Coa enerxía que gasta un coche en percorrer 90 metros, percórrense cinco quilómetros en bicicleta.
- Pensemos, ademais, que 72 persoas en coche, a unha media de 1,2 persoas por vehículo, ocupan uns 1 000 m2. En cambio, en bicicleta ocuparían 90 m2 e en autobús 30 m2.
- Por se fose pouco, entre outros beneficios para a saúde física e mental, cada quilómetro a pé reduce un 5 % a posibilidade de sobrepeso, mentres que cada hora en coche a aumenta un 6 %.

RECADRO QUE SON OS VEHÍCULOS HÍBRIDOS E ELÉCTRICOS?

Os vehículos híbridos e eléctricos teñen menor impacto que os se moven por enerxías fósiles (gasolina, gasóleo ou gas), pero non se poden considerar “ecolóxicos” porque o verdadeiramente ecolóxico é practicar a mobilidade activa, é

dicir, ir andando ou en bicicleta ao colexio ou nos nosos desprazamentos máis habituais.

- Os vehículos híbridos funcionan con motor eléctrico ata os 50 km/h, a partir desa velocidade pasan ao de combustión, aforrando combustible e emisións (emiten entre 0,5-1 g de monóxido de carbono por quilómetro), consomen catro litros cada 100 km e aproveitan algo da súa enerxía cinética. A súa condución é máis suave e silenciosa (parecida á dos coches automáticos), con máis aceleración e menor gasto de mantemento. É a opción máis conveniente para percorridos en automóbil longos e fóra das cidades.
- Os vehículos eléctricos, no seu ciclo de vida teñen menos impacto (3,66 puntos). De momento a súa enerxía provén, na súa maioría, de centrais eléctricas e enerxías fósiles (Ver Ficha Fontes de enerxía). A recarga destes coches leva entre 4 e 8 horas. Non necesitan recambios (aceite, lubricantes) nin transmisións mecánicas e o seu desgaste de freos é menor. Pola escaseza de cargadores eléctricos, así como pola velocidade de carga, de momento, son as mellores opcións para percorridos dentro das urbes.

Ao chegar ao final da súa vida útil, os vehículos deixan residuos (carrozaría, circuítos, semicondutores, chips, aceites, líquido anticonxelante, etc.). Debido a isto, os fabricantes deben asumir unha economía circular (ver ficha 23) que permita reutilizar os materiais, as pezas e os compoñentes; facilitar a reparación, etc., co fin de reducir o impacto socioambiental. Os vehículos eléctricos e os híbridos producen menor contaminación acústica e atmosférica..

A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

O ruido é outro dos problemas derivados da contaminación urbana. Algúns ruidos e os seus niveis:



- Tráfico rodado: 85 decibeis
- Claxon automóbil: 90 decibeis
- Claxon autobús: 100 decibeis
- Motocicletas sen silenciador: 115 decibeis
- Avión sobre a cidade: 130 decibeis

Un nivel de ruído elevado pode provocar malestar xeral, irritabilidade, migrañas ou insomnio. Un nivel prexudicial de ruído pode ser, por exemplo, a exposición a máis

de 85 decibeis (dB) durante oito horas ou 100 dB durante un máximo de 15 minutos. Superar devanditos niveis pode ocasionar lesións nos órganos de audición con perda auditiva permanente.

CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA

- Sempre é preferible optar polo tren en vez de polo avión porque contamina menos.
- Un avión comercial entre Londres e Nova York supón unhas tres toneladas de CO2 por persoa. Un jet privado emite ata corenta veces máis.
- Cada pasaxeiro dunha viaxe espacial (como Jeff Bezos ou Richard Brandson) deixa unha pegada de entre 50 e 75 toneladas de CO2 en minutos. Dúas terceiras partes desas emisións quedan na estratosfera e na mesosfera ata tres anos, entre os 12 e os 80 quilómetros de altura, moito máis que os avións regulares, contribuíndo a atrapar calor, aumentar a temperatura e danar a capa de ozono. No 2030, o turismo espacial podería medrar un 17,15 % con respecto a hoxe.
- Un avión privado (tamén coñecido como jet) emite ata corenta veces máis CO2 por pasaxeiro que os voos comerciais que collemos os cidadáns normais. En 2030 as multinacionais e os multimillonarios contarán cuns 7 600 jets máis.

QUE PODO FACER EU…?



- A mobilidade sostible e responsable pódese practicar desde o próximo desprazamento, reflexionando sobre o traxecto e procurando usar os medios de transporte que mellor se adapten e menor impacto teñan.
- Procura non tocar o claxon do teu vehículo se non é necesario.
- Sempre que poidas, desplázate a pé ou en bicicleta, en trasporte público ou compartindo coche.
- Prioriza sempre que poidas o tren fronte ao avión e os percorridos sen escalas, se non che queda máis remedio que viaxar en avión. Un voo de ida e volta de longa distancia menos ao ano podería supoñer unha redución media das emisións a título persoal de 1,9 toneladas de CO2 per cápita.

PARA SABER MÁIS...

- ◦ Datos extraídos da OCU[1]
  ◦ Organización Mundial da Saúde (OMS). Abril do 20222.
  ◦ Informe da ONU sobre a fenda de emisións do 20204.
  ◦ Proxecto europeo Stars, para unha mobilidade sostible nas escolas
  ◦ Revuelta Escolar (Revolta escolar) - plataforma cidadá por unhas contornas escolares máis seguras, con menos coches e máis saúdeWelcome to Online Text Editor (formerly EditPad.org) - your online plain text editor. Enter or paste your text here. To download and save it, click on the button below.
  ◦ Cinecicleta - Isabel Segura e Carmelo López levan en bicicleta a maxia do cine a terras africanas, o seu documental África en cinecicleta, un recurso pedagóxico gratuíto.
  ◦ As bicicletistas Biela e Terra, percorren España colaborando cos consumidores e cos produtores en cuestións relacionadas coa agroecoloxía, o ecofeminismo, a soberanía alimentaria, a mobilidade sostible, o mundo rural vivo e o consumo consciente.
  ◦ Asociación AContramano
  ◦ Asociación Pedalibre
  ◦ ConBici (Coordinadora estatal en defensa da bicicleta)
  ◦ ECF (Federación Europea de ciclistas)

- Ciclosfera (Revista gratuita ciclismo urbano)

- Calculadora en liña da pegada de CO2 para o transporte

- LIBROS: Biciosos, de Pedro Bravo; Las bicicletas son para el verano, de Fernando Fernán Gómez, Ladrones de bicicletas, de Luigi Bartolini; Diez bicicletas para treinta sonámbulos (31 autores, relatos de Andrés Neuman, Agustín Fernández-Mallo e outros); Todo lo que una tarde murió con las bicicletas, de Lucía Ramis); El elogio de la bicicleta, de Marc Augé; Ubú en bicicleta, de Alfreed Jarry.

- PELÍCULAS E DOCUMENTAIS: *Réquiem por Detroit (Documental), Ladrón de bicicletas (Vittorio de Sica), La bicicleta verde (Haifa Al Mansour), As bicicletas son para o verán (Fernando Fernán Gómez), ¿Quién mató al coche eléctrico? (Documental de Chris Paine, dispoñible en youtube), La bicicleta (Sigfrid Monleón 2006), Cars vs Bikes (Documental)*.

- Bicicletas sin Fronteras (Bicicletas sen Fronteiras) Organización sen ánimo de lucro que mellora a calidade de vida, a través das bicicletas, de persoas desfavorecidas de España, India, Malí, Burkina Faso, Gambia ou Honduras en colaboración coa Fundación Vicente Ferrer, grazas a particulares e empresas que doan as súas bicicletas. Recóllenas, repáranas e píntanas para envialas desinteresadamente a colectivos desfavorecidos que as necesiten

  Liberá tu Bicicleta (Libera a túa Biclicleta). Programa para sacar á rúa bicicletas que non se usan e darlles uso diario. Está promovido por BiziBizi, a Asociación de ciclistas urbanos:

  T&E (Trasport & Enviroment). Federación europea de transporte, formada por decenas de organizacións europeas que perseguen unha Europa máis limpa e un transporte mellor.